

A INICIATIVA DO CONCELLO DE SANTIAGO E O RELANZAMENTO DO PROCESO ESTATUTARIO GALEGO NA II REPUBLICA¹

Antón Villar Ponte resalta en "El Pueblo Gallego" de 13-II-1932 que mentras nas Cortes da República estábese a debati-lo Estatuto de Autonomía de Cataluña e os vascos estaban a remata-la elaboración do seu, o proceso estatutario galego quedara estancado. Esta paralización é debida ó fracaso do intento dos parlamentarios galegos nas Cortes de axeita-lo Anteproxecto de Estatuto aprobado na Coruña o 4-VI-1932 á normativa constitucional. Intento iste, o dos Parlamentarios, que vai fracasar pola falta de apoio de deputados socialistas e radicais, así como pola oposición expresada de sectores socio-económicos tales como a Asociación de Mestres Nacionais ou das Cámaras de Comercio.

Para lograr unha reactivación do noso proceso estatutario, será necesario que iste proceso se axuste á normativa constitucional, que no seu Art. 12-a esixe que sexan os concellos os que leven a cabo ista iniciativa.

O Concello de Santiago recollerá a proposta realizada polo Concellal independente Enrique Rajoy Leloup o 19-IV-1932², na que denuncia a inactividade das Corporacións Locais e insiste na necesidade, cara ó futuro de Galicia, de reactiva-las iniciativas encamiñadas a conqueri-lo Autogoberno. Na súa comunicación, Rajoy suliña a necesidade de que sexan os Concellos os que leven adiante a iniciativa da singlatura autonómica. Como xa dixemos, o Concello de Santiago fai súa ista petición de Rajoy, apoiada por tódolos sectores partidarios da Autonomía³, e na Sesión Extraordinaria do 27-IV-1932, á que asiste a totalidade dos Concellais agás os representantes do P.R.R., acórdase convocar unha Asamblea Xeral dos Concellos galegos a fin de tratar do problema da Autonomía⁴. Acordo acollido con esperanza polos partidarios da Autonomía, que nes desexan que iste sexa o intento definitivo, e considerando a Sesión do Concello Compostelán como o primeiro paso serio encamiñado a cumpli-los requisitos marcados na Constitución⁵.

Por suposto que non todo van ser parabéns pra ista iniciativa, xa que sectores da sociedade galega, especialmente os achegados ó P.R.R. van considerar ista iniciativa como unha manobra da O.R.G.A.⁶. Actitude criticada por xente tan alonxada da O.R.G.A. como Méndez-Brandón, quen lles fai ver ós detractores do Proceso Esta-

¹ A pretensión deste artigo é resalta-la labouira do Concello de Santiago coa finalidade de relanza-lo Proceso Autonómico Galego, na II República. Elo fai que iste artigo se limite a explica-los pasos dados polo devandito Concello e non se trate nel das vicisitudes polas que tivo que pasar o Estatuto de Galicia unha vez que a chamada do Concello Compostelán sexa respaldada por amplos sectores da Sociedade Galega.

² I.P.S. Caixa 6 Carpeta A6. Carta de Rajoy ó Concello de Santiago.


³ "El Pueblo Gallego". 23-IV-1932.

⁴ Acta da Sesión. Libro de Actas do Concello de Santiago, paxs. 40-41.

⁵ "El Pueblo Gallego". 1-V-1932 e 4-V-1932.

⁶ "Faro de Vigo". 11-VI-1932.

ESTATUTO



DE GALICIA

MIS DIAZ

IMP. ROEL CORUÑA

tuario que Rajoy pertence á minoría independente do Concello de Santiago⁷; e xa con anterioridade, dende as páxinas de "El Compostelano", fixera un chamamento coa finalidade de rematar coas loitas partidistas e individualistas para poder sacar adiante o Estatuto⁸.

A fin de levar adiante o aprobado na sesión do 27-IV-1932, e que non quede nunha mera iniciativa, na mesma Sesión vaise nomear unha Comisión formada polos Concellais Méndez-Brandón, Rajoy Leloup, Auriguierry e Santiso, presididos polo Alcalde López Pol, para se encargar de face-la convocatoria da Asamblea de Municipios que se encargará de elabora-lo novo Estatuto⁹.

Temos xa nomeada unha Comisión polo Concello de Santiago. ¿Cál vai se-la súa misión e que pasos debe realizar para lograr sacar adiante o Estatuto?. Primeiramente, e como paso primordial, convocar ós Concellos galegos para que tomen conciencia da cuestión e comuniquen a súa adhesión ó Concello de Santiago. Para elo vaise enviar unha circular á totalidade dos Concellos galegos, na que se resalta que a Constitución da República permite as Autonomías e que Galicia ten as características necesarias para poder aspirar ó Autogoberno, e pedíndolles a súa participación a fin de proceder á convocatoria da Asamblea¹⁰. Esta primeira circular é seguida dunha segunda na que se urxe a comunicación ou non coa iniciativa compostelán e, suliñándose que o Proxecto que xurda será impreso, comunicándose ós Concellos o seu contido a fin de que sexa estudado para logo ser debatido polos seus representantes nunha Asamblea posterior¹¹.

Ademáis dista laboura de convocatoria, que non se limitará ás circulares, xa que os membros da Comisión visitarán os principais Concellos galegos para expoñe-los seus obxetivos, así como tamén manteñen contactos con outros sectores da Sociedade Galega¹². Tamén se encargará de organiza-los traballos preparatorios da Asamblea, obtendo a cooperación de expertos e recabando a información e documentación necesaria¹³. Asimesmo visitarán as redaccións de diversos xornais como "El Diario de Pontevedra", "El Progreso de Pontevedra", "La Voz de Galicia", "El Orzán", "El Noroeste" e "El Ideal Gallego", para recaba-la súa axuda coa finalidade de espalla-la iniciativa do Concello de Santiago¹⁴.

Agora ben, ¿Cal foi a resposta dos Concellos galegos?¹⁵.

	<u>Nº de Concellos</u>	<u>Certificacións</u>
A Coruña	95	51
Lugo	66	33
Ourense	94	27
Pontevedra	64	45
TOTAL:	<u>319</u>	<u>156</u>

⁷ "El Puéblo Gallego". 14-VI-1932.

⁸ "El Compostelano". 4-V-1932.

⁹ En Sesión do 4-V-1932 Pasín substitue na Comisión a Auriguierry e fácultase ó Alcalde para nomear substituto para Santiso no caso de que iste non queira seguir formando parte da Comisión. Libro de Actas do Concello de Santiago, pxna. 43.

¹⁰ I.P.S. Caixa 6. Carpeta A6.

¹¹ I.P.S. Caixa 6. Carpeta A6.

¹² "El Compostelano". 24-V-1932 e 27-V-1932. "El Eco de Santiago". 31-V-1932.

¹³ A busca de material non se limitará ós Proxectos anteriores, xa que se solicita ó Alcalde de Barcelona e máis ó Presidente da Comisión Elaboradora do Estatuto Vasco que remitan todo o material relacionado cos seus Estatutos. Cartas do Alcalde de Santiago do 13-VI-1932. I.P.S. Caixa 6. Carpeta A6.

¹⁴ "El Compostelano" 24-V-1932 e 27-V-1932. "El Eco de Santiago" 31-V-1932.

¹⁵ Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola documentación do material do I.P.S. Caixas 3 e 4. Non hai a totalidade das certificacións enviadas polos Concellos, supo-

Xa temos visto como se intenta reactiva-lo Proceso Estatutario Galego e cales son os pasos que dá a Comisión Organizadora coa finalidade de facelo viable. Vexamos agora cales son os seguintes pasos que dá a Comisión Organizadora para acada-lo seu fin.

Unha vez obtido o apoio da maioría dos Concellos, Partidos Políticos e diversos estamentos sociais (Universidade, F.U.E., Entidades Culturais, Cabildo Compostelán; Sociedades Galegas na Emigración), a Comisión decide convocar ós Parlamentarios, Partidos Políticos, Diputacións Provinciais, representantes de estamentos económicos e técnicos, e moi especialmente ós Alcaldes das cidades e Partidos Xudiciais¹⁶, a unha reunión a celebrar o 3-VII-1932 no Paraninfo da Universidade de Santiago.

Xa disemos quenes acuden a ista reunión, pero ¿qué obxectivos ten marcados?. López Pol, Presidente da Comisión Organizadora, tras lembrarlle ós asistentes a posibilidade que dá a Constitución da República para que os Pobos de España podan acada-lo Autogoberno, lé a orde do día, na que se recolle a finalidade da Asamblea, xa que ista ten que respostar ás seguintes preguntas¹⁷:

1.- ¿Debe Galicia organizarse en Rexión Autónoma?

2.- No caso afirmativo ¿qué Proxecto ten que se someter como ponencia á Asamblea Magna de Concellos Galegos, para que istas acorden o que será obxecto do Plebiscito Electoral?

3.- Reglamenteo da Asamblea.

4.- Organización da Propaganda pró éxito do Plebiscito e da conversión en lei do Estatuto que reflexe a vontade xeral do pais galego.

En resposta ó Alcalde de Santiago, no nome da Asamblea, fala o Sr. Quintanilla, Alcalde de Ferrol, solicitando que unha vez redactado o Proxecto, sexa enviado a tódolos Concellos pró seu estudo, o cal é necesario para que o Estatuto represente a vontade xeral de Galicia.

Acto seguido procédese á formación da Mesa definitiva que presida a Asamblea. Das propostas feitas óptase por que a Mesa esté formada polos Alcaldes das catro capitais de provincia, os de Vigo, Santiago e Ferrol, cuio Alcalde é elixido Presidente, como representantes das outras tres cidades importantes de Galicia, e os Alcaldes de Sarria, O Carballiño, Lalin e Noia, como representantes dos Concellos rurais. De Segretario actúa o Sr. Rajoy Leloup.

Formada a Mesa trátase a orde do día. O primeiro punto, referente á organización Autónoma de Galicia queda aprobado por aclamación, sen discusión de ningún tipo. Queda agora decidir cal dos Proxectos debe ser sometido como ponencia. Vanse presentar varias ofertas. Xosé Portas, do Secretariado de Galicia en Madrid, propón que se estuden tódolos Proxectos elaborados até o momento e, que deles, salla un só. Álvarez de Neyra, representante do P.R.P., considera que se debe nomear unha comisión e que ista resolva cal dos Proxectos anteriores debía ser presentado. Opinión, aínda que semellante á anterior, totalmente diferente, xa que o Sr. Portas preconizaba a elaboración dun novo Proxecto a partir dos anteriores. Os Diputados a Cortes, Pita Romero e González López, consideran que de se aceptar algún dos Proxectos anteriores sexa o dos Parlamentarios, pois é o redactado unha vez aprobada a

ñendo que parte da documentación se extraviaría despois da Guerra. Segundo o Presidente da Comisión Organizadora a resposta positiva foi do 80%. I.P.S. Caixa 2. Carpeta A2.

¹⁶ A ista primeira reunión non se convocou á totalidade dos Concellos, principalmente por fins de operatividade e de espacio. Pero para que tódolos Concellos tiveran representación celebrábase reunións dos que formaban parte dun mesmo Partido Xudicial, nas que decidían a sua postura oficial. Ademais están as certificacións que se envían á Comisión e nas que cada Concello expresaba o seu sentir.

¹⁷ I.P.S. Caixa A2. Carpeta A2.

Constitución e, polo tanto, o máis axeitado a ela. A Asamblea, tras discuti-las diferentes propostas, vai optar por nomear unha Comisión técnica que redacte un novo Anteproxecto no que se recollan os puntos coincidentes dos diferentes Proxectos, propoñendo solucións axeitadas á Constitución da República, sentido xeral da discusión Parlamentaria do Estatuto de Cataluña e o que se considere máis convinte para Galicia. Iste Anteproxecto será sometido a información pública, examinándose as emendas resultantes da devandita información pública coa finalidade de redactar un Proxecto que se considere convinte para a súa discusión final pola Asamblea Xeral dos Concellos Galegos, co fin de que ista acorde que Estatuto será sometido a Plebiscito.

Queda agora por forma-la Comisión que se encargue da redacción do Anteproxecto. Decídese formar unha Comisión de 10 membros composta por:

Presidente: Salvador Cabeza de León. Ex-Alcalde de Santiágo, Decano da Facultade de Dereito da Universidade Compostelán e Presidente do Seminario de Estudos Galegos.

Vocais: Manuel Iglesias Corral. Abogado e Alcalde da Coruña. Eladio Rodríguez González. Presidente da Academia Galega.

Manuel Lugrís Freire. Académico numerario da Academia Galega.

Xacobo Arias del Villar. Inxeñeiro do Servicio Forestal da Provincia da Coruña.

Alexandre Bóveda Iglesias. Do corpo Pericial da Contabilidade do Estado.

Avelino López Otero. Abogado. Segretario Xeral do P.R.G.

Rodrigo Sanz López. Abogado. Presidente do Secretariado de Galicia en Madrid.

Santiago Montero Díaz. Dr. en Filosofía e Letras. Do Corpo de Arquiteiros, Bibliotecarios, e Arqueólogos do Estado. Bibliotecario da Universidade de Santiago.

Segretario. Enrique Rajoy Leloup. Concellal de Santiágo. Decano do Colexio de Abogados de Santiago.

Compre suliña-lo feito de que somentes se sinala a filiación política de López Otero, cando Lugrís e Bóveda militan no P.G., Cabeza de León e Eladio Rodríguez están achegados a iste partido, Iglesias Corral e Arias del Villar militan no P.R.G. e Rajoy e Sanz son sinceros Rexionalistas.

Ista Comisión Redactora decide establece-las suas oficinas no Pazo Municipal de Santiago, e reunirse os sábados e domingos de cada mes a partir do 9-VII-1932¹⁸.

Temos xa escollida a Comisión encargada de redacta-lo Anteproxecto de Estatuto. Queda agora por solucióna-lo problema da organización da Asamblea Xeral de Municipios, establece-lo seu regularmente, así como solucióna-lo problema da propaganda e financiación; labouras encomendadas á Comisión Organizadora dista primeira Xuntanza.

De tal xeito vai rematar ista primeira reunión, que, gracias á iniciativa do Concello de Santiago, relanzará o Proceso Autonómico Galego na II República. Dos traballos e problemas das distintas Comisións, así como dos problemas que se tiveron que superar pra acada-lo Plebiscito falaremos noutro lugar, pois rebasa a intencionalidade deste artigo.

LUIS MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA
Santiago

¹⁸ I.P.S. Caixa A2. Carpeta A2.

(ACLARACION: I.P.S. = Instituto Padre Sarmiento).